

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 27-05-2025, ditou a resolución con número 1495/2025 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Aprobación da Listaxe Definitiva de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo, mediante o sistema de concurso-oposición, para a contratación de duración determinada e a tempo parcial (6 horas/día) dun/ha docente para impartir a acción formativa denominada “XESTIÓN DE CHAMADAS DE TELEASISTENCIA”, correspondente ao Plan Formativo para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2024 e 2025.

Corrección de erro no decreto núm.1479/2025 - Fecha de decreto: 26/05/2025.

Detectouse un erro material no Decreto de Alcaldía núm.1479/2025 de 26/05/2025 polo que se acordou aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas do proceso de selectivo, para a contratación de duración determinada e a tempo parcial (6 horas/día), dun/ha docente para impartir a acción formativa denominada “XESTIÓN DE CHAMADAS DE TELEASISTENCIA”, correspondente ao Plan Formativo para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2024 e 2025.

O dito erro prodúcese na parte resolutiva, apartado Primeiro, no que se refire a relación dos aspirantes admitidos/as e excluídos/as relacionados no **Anexo I**.

Conforme ao disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, *rectificar en calquera momento*, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

En consecuencia procede rectificar o citado erro material.

Á vista de todo o anterior e de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente,

RESOLVO:

Primeiro.- Rectificar o erro material detectado na parte resolutiva da Resolución núm. 1479/2025 de 26/05/2025 no **apartado Primeiro**, onde figura a relación dos aspirantes admitidos/as e excluídos/as relacionados no **Anexo I**.

A tales efectos, onde di:

Parte resolutiva.

Primeiro.-

[...] Os aspirantes admitidos/as e excluídos/as son os relacionados no **Anexo I**.

ANEXO I.

Listaxe definitiva de admitidos/as e excluídas do proceso de selección de persoal docente, mediante o sistema de concurso-oposición libre, para impartir a acción

formativa denominada “XESTIÓN DE CHAMADAS DE TELEASISTENCIA”, correspondente ao Plan Formativo para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2024 e 2025.

Admitidos/as:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CELGA	Idioma Exame
1	MUÑOZ AVILA	GLORIA	***2416**	SI	Castelán
2	RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ	IRIA	***7106**	SI	Galego
3	VARELA CASTRO	HELENA	***5500**	SI	Galego
4	GARCIA MALLO	IRENE	***4325**	SI	Galego

Excluídos/as:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Motivos Exclusión	CELGA	Idioma Exame
1	GARCÍA MALLO	IRENE	***4325**	(1)	SI	Galego

Causas de exclusión:

Segundo a Base Segunda (Requisitos dos/as aspirantes) apartado 2.2 (Titulación, Competencia docente e Capacidade profesional):

(1) Non acredita o cumprimento do requisito da competencia docente (base 2.2.1 - Opción 1).

Debe dicir:

Parte resolutiva.

Primeiro.-

[...] Os aspirantes admitidos/as e excluídos/as son os relacionados no **Anexo I**.

ANEXO I.

Listaxe definitiva de admitidos/as e excluídas do proceso de selección de persoal docente, mediante o sistema de concurso-oposición libre, para impartir a acción formativa denominada “XESTIÓN DE CHAMADAS DE TELEASISTENCIA”, correspondente ao Plan Formativo para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2024 e 2025.

Admitidos/as:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CELGA	Idioma Exame
1	MUÑOZ AVILA	GLORIA	***2416**	SI	Castelán
2	RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ	IRIA	***7106**	SI	Galego
3	VARELA CASTRO	HELENA	***5500**	SI	Galego

Excluídos/as:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Motivos Exclusión	CELGA	Idioma Exame
1	GARCÍA MALLO	IRENE	***4325**	(1)	SI	Galego

Causas de exclusión:

Segundo a Base Segunda (Requisitos dos/as aspirantes) apartado 2.2 (Titulación, Competencia docente e Capacidade profesional):

(1) Non acredita o cumprimento do requisito da competencia docente (base 2.2.1 – Opción 1).

Segundo.- Publicar a corrección de erros no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal), e con carácter complementario, na páxina web municipal (www.carballo.gal).

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretaria

Marina Núñez Orjales

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Marina Núñez Orjales